

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2005

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2005 o seu duodécimo ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas ós estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenrolo cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

Ó longo do pasada ano, a FUNDACION NOVAS convocou unha nova edición das suas becas e axudas para universitarios. Neste senso, o Padroado da Fundación recibiu varias peticións para acceder a estas becas. Reunido o Padroado no mes de agosto, decidiuse non conceder ningunha nova axuda..

O Padroado da Fundación tamén tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de 300 euros ó Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural de San José, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

Como xa ocorrira o pasado ano, o Padroado da Fundación tomou o acordo de conceder unha axuda á Asociación Moz@s de Beluso, para colaborar no patrocinio do Festival A Noite do Trasnó, acontecemento lúdico e musical que se celebrou no mes de agosto no espacio de lecer de cado Udra, na parroquia de Beluso. A proposta do presidente da fundación, o Padroado acorda conceder unha axuda de 400 euros a esta entidade asociativa.

Cumpre sinalar que no decurso do pasado ano, as expectativas de ingresos polos rendementos do capital social da nosa entidade benéfico-docente non foron as esperadas nin desexadas. Esta situación económica obrigou ó Padroado a rexeitar varias peticións de axudas cursadas dende distintas asociacións e colectivos socio-culturais do concello de Bueu que se dirixiron a este Padroado.

PADROADO DA FUNDACIÓN

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición ó longo do pasado exercicio e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2005 da Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado